Os abaixo asinantes rexeitamos a ubicación do polígono industrial-empresarial na Brea en base aos seguintes apartados:

- ***SOCIOCULTURAL***. Sería aberrante encher de naves industriais un dos **entornos que máis potencialidades turísticas ten dentro do que é o "interior" de Marín**, con unha orientación xeográfica privilexiada, ao pe do río máis caudaloso do Morrazo que con máis de cincuenta muíños ao longo do seu cauce aportan un valor etnográfico incusetionable non só para Seixo, senón para o Concello de Marín. A posta en valor de todas estas potencialidades si que aportarían, ecoloxía, desenvolvemento turístico sustentabel , en definitiva, riqueza para todo o concello.
- ***EMPRESARIAL*** **.** Non terían cabida todas as empresas de Marín que precisan chan industrial, polo tanto **non solucionaría a dramática situación que neste momento están vivindo algúns empresarios** aos que o actual goberno municipal xa lles comunicou orden de peche dos seus locales por carecer de licencia.
- ***TRABALLO*****. Non crearía máis postos de traballo** dos que hai agora, **senón que os perderíamos** pois as empresas que non teñan cabida nel terían se que ir fora de Marín.
- ***FUTURO***. Marín é o concello do Morrazo e do entorno de Pontevedra que máis chan industrial contribuie a crear por estar ubicado eiqui un Porto de Interese Xeral do Estado, polo que **debería contar para este menester con unha superficie mínima de un millón de metros cadrados para satisfacer as necesidades actuais e futuras se queremos pensar nos que veñen detrás.**

APELIDOS E NOME	DNI	SINATURA

Exmo. Sr. Presidnte da Xunta de Galicia: **Emilio Pérez Touriño**

Exma. Sra. Conselleira de Vivenda e Solo**: Mª Teresa Táboas Veleiro**